

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO GALICIA DE BUENOS AIRES, CULTURAL, SOCIAL E DEPORTIVO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar un convenio co Centro Galicia de Buenos Aires, Cultural, Social e Deportivo por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para contribuír ao mantemento do Centro Galicia de Buenos Aires, Cultural, Social e Deportivo, á vista da importancia das actividades que desenvolve, da repercusión destas tanto na cidadanía de Bos Aires como en especial nas persoas de orixe galega residentes na República Arxentina, e do apoio que presta no desenvolvemento dos programas da Secretaría Xeral da Emigración.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Centro Galicia de Buenos Aires, Cultural, Social e Deportivo é unha entidade civil sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro da Galeguidade como comunidade galega, e ten entre as súas finalidades:

- a) Contribuír ao estudo, coñecemento e difusión da historia, cultura e costumes de Galicia e dos demais elementos e manifestacións que emanan da vida do seu pobo, político e administrativamente organizado, como goberno autónomo dentro das comunidades históricas de España e, por ende –e como tal– manter tamén a difusión e defensa de todos os valores da hispanidade.
- b) Edición dunha publicación periódica informativa de divulgación cultural sen fins de lucro e manter permanentemente viva a lembranza dos costumes e tradicións que forman parte do acervo cultural da República Arxentina e de Galicia, cultivándoas e espallándoas.
- c) Procurar axuda, orientación e consello ás persoas de orixe galega residentes en Bos Aires axudando a que se integren e se adapten ao medio social arxentino.



As actividades que realiza o Centro Galicia de Buenos Aires, Cultural, Social e Deportivo redundan na defensa dos emigrantes galegos e contribúen a reforzar a súa cohesión, entre si e coa súa terra de orixe. O seu papel é sobranceiro no mantemento dos lazos culturais e sociais con Galicia, as súas xentes, a súa historia, lingua e cultura.

Esta entidade dispón de importantes instalacións e, neste intre, é o principal centro de referencia de Bos Aires tanto polo número de persoas asociadas como polas actividades culturais e sociais que executa en favor da comunidade galega. Así mesmo, ven colaborando ademais coa Secretaría Xeral da Emigración no desenvolvemento dos distintos programas que xestiona directamente nesta cidade.

Dadas as características das actuacións que se van desenvolver e a natureza da entidade, esta secretaría xeral, tendo en conta o disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considera ao Centro Galicia de Buenos Aires, Cultural, Social e Deportivo como idóneo para desenvolver as actuacións obxecto deste convenio, non sendo posible promover a concorrência pública.

Para o financiamento das actuacións previstas, a Secretaría Xeral da Emigración alcanzará unha contía de **sesenta mil euros (60.000 €)** con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

